

Expediente: CON2024000011 Referencia interna: 2024/00017132C -
Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villedro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña
Tipo de contrato: Obras Procedemento: Abierto

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 16 de setembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Adxudicación do contrato *Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villedro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña* a CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS SL, con NIF B70574397.

A proposta é do seguinte teor literal:

Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e portos do departamento de Medio Rural, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais expón os seguintes

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela aprobou o 03/05/2024 o expediente de contratación do *Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villedro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña* cun orzamento base de licitación de 79.987,40 € (base impositiva de 66.105,29 € máis IVE do 21% de 13.882,11 €).

2. O anuncio de licitación foi publicado o día 13/05/2024. Presentou oferta dentro do prazo outorgado:

DATA DE PRESENTACIÓN	NIF	NOME DO LICITADOR
10/06/2024 18:13	B70574397	CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.

3. O día 14/06/2024 constitúese a mesa de contratación para abrir o arquivo electrónico coa documentación administrativa. A mesa constata que o licitador presenta a documentación consonte o exigido no PCAP de aí que sexa admitido no

proceso de adxudicación. Na mesma sesión, ábrese o arquivo coa oferta técnica que vai ser avaliada mediante criterios de xuízo de valor.

4. O día 11/07/2024 a mesa de contratación analiza o informe técnico realizado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal no que valora a oferta técnica do único licitador presentado. As puntuacións son as que seguen:

LICITADOR	Plan control calidade	Programa traballo	Programa actuación ambiental	Esquema plan de seguridade e saúde	TOTAL FASE I
CALICANTO	9,75	10,67	0,00	0,00	20,42

O licitador supera o limiar mínimo de puntuación establecido para poder pasar á seguinte fase da licitación.

A continuación e en sesión pública, a mesa abre o arquivo electrónico que contén a documentación xustificativa dos criterios avaliados mediante fórmulas.

A mesa suspendeuse ás 9.13 horas para realizar os cálculos das puntuacións procedentes e reanúdase a sesión ás 12.27 horas. A mesa analiza o informe de valoración efectuado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos coas puntuacións obtidas polo único licitador presentado. As puntuacións son as seguintes:

LICITADOR	Oferta eco.	% Persoal fixo / global	% mulleres / persoal fixo	% trabal. desempreg. / persoal global	Plan igualdade	TOTAL FASE II
CALICANTO	2,16	0,00	0,00	2,20	5,00	9,36

A mesa de contratación propón como adxudicatario a CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS SL por ser o único licitador presentado e cumprir cos requisitos exixidos no PCAP.

5. Os días 27/08/2024 e 06/09/2024 a mesa de contratación analiza a documentación presentada por CALICANTO acreditativa dos requisitos exixidos para ser adxudicatario deste contrato.

Logo da análise realizada, os membros da mesa de contratación constatan que a documentación achegada acredita que a empresa licitadora cumpre cos requisitos exixidos para ser adxudicatario deste contrato e ratifican a proposta de adxudicación do día 11/07/2024.

CONSIDERACIÓNS

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, así coma nos artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e consonte o acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería de Deportes, Relacións Veciñais, Festas e Medio Rural, en virtude das competencias delegadas por decreto da Alcaldía do 17/06/2023, propón que a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela adopte o seguinte:

ACORDO

Primeiro: Adxudicarlle, por cumprir cos requisitos exixidos no PCAP, a CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS SL, con NIF B70574397, o contrato que ten por obxecto as *Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villestro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña*, que presenta unha proposición económica de 74.515,63 € (base imponible de 64.888,95 € máis IVE do 21% por importe de 13.626,68 €).

Desígnase como responsable do contrato a Dirección Facultativa da obra consonte o establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento deste contrato corresponde ao departamento de Medio Rural, que asigna a este cometido a Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 74.515,63 € con cargo ás aplicación orzamentaria 070 93303 6320000 (código de proxecto 2021 2 PPROV 35 3).

A proposta foi fiscalizada pola intervención municipal con nº de referencia 2024/933 e con resultado Fiscalización de conformidade.

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda:

Primeiro: Adxudicarlle, por cumprir cos requisitos exixidos no PCAP, a CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS SL, con NIF B70574397, o contrato que ten por obxecto as *Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villestro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña*, que presenta unha proposición económica de 74.515,63 € (base imponible de 64.888,95 € máis IVE do 21% por importe de 13.626,68 €).

Desígnase como responsable do contrato a Dirección Facultativa da obra consonte o establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento deste contrato corresponde ao departamento de Medio Rural, que asigna a este cometido a Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 74.515,63 € con cargo ás aplicación orzamentaria 070 93303 6320000 (código de proxecto 2021 2 PPROV 35 3).

